

Manifesto contra o maltrato animal

Queremos ler este manifesto en contra do maltrato animal e na defensa do benestar e coidados dos animais que nos rodean formando parte, coma nós, da vida no planeta.

A primeira mensaxe é para a xente maltratadora de animais. Pedimos a esas persoas que recapaciten sobre o seu propio acto, pois os animais sofren. Está claro que a nós non nos gustaría que nos abandonasen ou nos maltratasen, verdade? Isto chámase empatía: poñerse no lugar do animal e pensar no que sente ao ser abandonado ou maltratado.

Tamén queremos deixar unha mensaxe para todas as persoas que ven maltrato animal e non fan nada ao respecto, pois de non actuar teñen practicamente a mesma responsabilidade que as persoas maltratadoras. Imaxínade por un momento ser un animal abandonado na rúa, que todos fixen as súas miradas en vós, pero que ninguén faga nada ao respecto. Por iso, queremos pedirlle ás persoas que ven maltrato animal que o denunciem ante a Garda Civil, a Policía ou chamando ao 112.

A terceira das mensaxes é para toda aquela xente que quere ter un animal e pensa en mercalo antes que en adoptalo. Aínda así queremos facer unha reflexión sobre isto. Actualmente a lei xa limita a venda de animais a criadeiros especializados, pero aínda así, e de xeito tradicional, moitas mascotas mércanse para regalo en época de Nadal, e a gran maioría destas mascotas acaban abandoadas ou en una protectora de animais no mellor dos casos. ¡¡¡Isto es inaceptable!!!

É por iso que consideramos que adoptar é a alternativa a mercar. Adoptar a un animal é a mellor opción para as persoas que quieren tener una mascota. O noso argumento baséase en que adoptar dálle un novo fogar ao animal antes abandoado. Para adoptar, la persona ten que ser responsable e ter un compromiso co animal. Un animal necesita comida, auga, acceso a un veterinario, cariño e moitas cousas máis. Por iso

adoptar é unha decisión importante que se debe pensar ben. Pero pensade que se adoptades un animal, estarédeslle dando unha nova vida.

A nosa última mensaxe é para as institucións gubernamentais. Non hai moito que se aprobou unha nova lei a favor do benestar animal. A pesar disto, o número de delitos non se reduciu, e diariamente seguimos vendo na prensa moitos casos de maltrato animal, especialmente a animais domésticos. É por iso que demandamos á Administración máis medios e máis vixilancia para loitar contra este problema que nos afecta a todas as persoas, pois os animais son parte da nosa vida no planeta, igual que nos o somos da súa.

Moitas grazas.